

ANEXO: CONDICIÓN AMBIENTAIS PARA RESOLUCIÓN CFA 050/2020

(Apartado 4 da Resolución Da Dirección Xeral De Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola de varias parcelas na parroquia de Donas, promovido por Viñedos Altos de Torona, S.L.)

4. Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores:

4.1. Protección da atmosfera

4.1.1. En canto ás emisións de po e gases á atmosfera:

1. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
2. Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po e perda de solo.

4.1.2. Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído:

1. Evitarase a realización dos traballos mecanizados durante o período nocturno, debendo respectar os horarios de descanso das poboacións máis próximas.
2. Deberán respectarse os valores establecidos no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, que sexan de aplicación, así como o Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

4.2. Protección das augas e dos leitos fluviais

1. De acordo co indicado por Augas de Galicia, deixárase unha faixa de 10 m de longo na ribeira do rego Valpedre sen ocupar de vides. Ademais nos 5 m de servidume do río realizarase unha reforestación da vexetación de ribeira cun mínimo de 8 árbores das frondosas sinaladas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cada 10 m lineais, colocados en triángulo (“a tresbolillo”).
2. Deberase ter en conta a presenza de zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoptando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.
3. Deberase contar coas correspondentes autorizacións de Augas de Galicia no referido a calquera actuación, afección, captación ou vertedura que afecte a canles en zona de servidume e policía.
4. No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.
5. Calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo antes da posta en funcionamento das instalacións
6. Garantírase que a actuación non provoque contaminación subterránea ou superficial que afecte ó dominio público hidráulico.
7. Garantírase que as augas continentais que puidesen verse afectadas por posibles verteduras cumpran, en todo momento, o establecido no anexo V (“calidade mínima esixible ás augas continentais”) do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais ou, no seu caso, a normativa de referencia.
8. A análise dos posibles impactos da actividade proxectada deberá ter en conta o efecto conxunto de todas as actuacións análogas proxectadas na zona para asegurar que o efecto multiplicador do factor de escala non xere unha presión inadmisíbel sobre o medio hídrico.
9. Teranse as seguintes consideracións técnicas no relativo á fase inicial (corta e roza):



9.1. Prohíbese utilizar as marxes ou ribeiras dos leitos, así como a zona de servidume como depósito de materiais, parques de maquinaria, lavados e, en xeral, todas cantas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

9.2. Prohíbese o depósito de restos da corta ou das podas nin no leito do curso nin nas súas zonas de servidume.

9.3. Prohíbese acumular substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) ou de degradación do seu contorno.

9.4. Prohíbese vadear os ríos ou regatos coa maquinaria de corta e transporte, agás que se conte coa preceptiva autorización de Augas de Galicia.

9.5. Adoptaranse as medidas necesarias que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados tanto pola propia corta como polo tránsito de maquinaria necesaria para a corta e transporte, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais que se puidesen incorporar ao leito, con especial atención a cortas de grandes superficies ou en terreos de forte pendente.

9.6. Instalaranse sistemas de retención de sedimentos como por exemplo balas de palla, barreiras de retención ou calquera outro que garanta que non cheguen arrastres ao dominio público hidráulico, poderase empregar para este fin o amoreamento lineal de parte dos restos de corta, unha vez triturados, en sentido contrario ao da pendente.

9.7. Durante a corta, unicamente se poderá amorear temporalmente a madeira en zona de policía, fóra da zona inundable, cando non exista outro lugar para o seu amoreamento. En todo caso, non se poderá amorear madeira dunha parcela distinta á solicitada.

9.8. No caso de que se precisen executar vías de transporte, explanacións de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, deberá solicitarse a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

9.9. Unha vez rematada a corta, procederáse inmediatamente ao tratamento dos restos e á rehabilitación das zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria).

10. Teranse as seguintes consideracións técnicas no relativo á fase intermedia (operacións preparatorias):

10.1. Para minimizar as posibles perdas de material do solo por fenómenos erosivos e minimizar o risco da súa incorporación ao medio hídrico, as circulacións e os traballos executaranse seguindo, no posible, o trazado das curvas de nivel e evitando o volteo ou remoción en profundidade do solo, debéndose suspender todas as operacións susceptibles de xerar arrastres no caso de fortes choivas.

Os traballos desta fase iniciaranse sen demora respecto dos da fase anterior e executaranse con inmediata secuencia entre eles ata acadar a implantación da cuberta vexetal definitiva.

Os amoreamentos de materiais situaranse en zonas sen pendente, sen interferir nas zonas naturais de escorrenta e evitando as zonas próximas o río (sen ocupar a zona de servidume e preferiblemente fora da zona de policía).

De ser necesario, preverase a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención e balsas de decantación.

10.2. Na documentación aportada non se define o sistema de evacuación de augas a instalar, non en tanto, este deberá cumprir que:

10.2.1. Non se produzan acumulacións de escorregamentos nunha determinada zona non engadindo a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia.

10.2.2. As velocidades de reintegro das augas ó medio natural non serán excesivas. De ser necesario, para evitar fenómenos de erosión ou asolagamento, empregaranse sistemas de disipación de enerxía.

10.2.3. O mantemento do sistema será responsabilidade do promotor, debendo impedirse a proliferación de vexetación ou sedimentos que impidan o discorrer normal das augas.



11. A aplicación de **abonos e fertilizantes** nas parcelas debería realizarse sempre respectando as normas que establecen tanto no Real Decreto 261/1996, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes das fontes agrarias, e no seu caso o Código galego de boas prácticas agrarias, así como as que estableza no ámbito das súas competencias a consellería de medio rural.

12. Recomendase deixar a zona de servidume dos cursos fluviais citados (e de existir outros non inventariados tamén), é dicir un mínimo de 5 m, de ancho e lonxitude a propia lonxitude da parcela, sen aplicar produtos fertilizantes e/ou abonos para evitar contaminación das augas, non aplicando en días de choiva, xeadas ou neve.

13. No referido á aplicación de biocidas e fitosanitarios:

13.1. Tomaranse medidas para previr ou limitar as entradas de contaminantes nas augas subterráneas de acordo co recollido no Real Decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

13.2. Cando se apliquen produtos fitosanitarios respectarase unha banda de seguridade mínima, con respecto ás masas de auga superficial, de 5 metros, sen prexuízo de que deba deixarse unha banda maior, cando así se estableza na autorización e figure na etiqueta do produto fitosanitario utilizado.

13.3. Deixarase, como mínimo, unha distancia de 50 metros sen tratar con respecto aos puntos de extracción de auga para consumo humano nas masas de auga superficiais, así como nos pozos utilizados para tal fin.

14. Para poder realizar o seguimento das medidas protectoras e correctoras axeitadas considerase necesario un maior detalle no programa de vixilancia ambiental respecto das augas, en aspectos tales como periodicidade dos controis, estado cero das augas (branco de referencia) do medio, análises das augas, etc.

4.3. *Protección do solo e infraestruturas*

1. Contemplaranse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar derrames de aceites, carburantes ou outros compostos contaminantes ao solo e que por infiltración poidan afectar ás augas subterráneas. Prestarase especial atención ao parque de maquinaria e ás zonas de tránsito dos vehículos.

2. Deberanse adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito da maquinaria e movemento de terras, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais coa auga de escorrenta.

4.4. *Xestión de residuos*

1. Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante todas as fases do proxectos.

2. Os restos vexetais xerados serán triturados preferentemente, mediante pase de rozadoira e posteriormente distribuídos polo terreo.

3. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, mantemento ou no seu caso, desmantelamento, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte ao vertido. Do mesmo xeito tampouco se pode facer calquera tipo de vertedura de residuos independentemente da súa natureza en todo o entorno de actuación, sendo o seu destino os xestores autorizados.

4. As actividades de mantemento da maquinaria empregada fíranse en lugares adaptados para tal fin.

4.5. *Protección da fauna e da vexetación e outros valores naturais*

1. Conservaranse as formacións de carballo común (*Quercus robur*) existentes nos lindeiros (tanto entre parcelas coma co viario).

2. Deberase manter integramente a masa forestal existente no recinto nº 1 da parcela 397 e no recinto nº 2 das parcelas 301 e 392.



3. No resto da superficie afectada polo proxecto, ademais das medidas contempladas no documento ambiental, deberase dar cumprimento aos seguintes aspectos:

- Respetaranse as manchas de hábitat de interese comunitario 9230 (Carballeiras galaico portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*) que poidan existir no interior das parcelas e que garden continuidade coas dos recintos adxacentes.
- No caso de atoparse con individuos de especies incluídas no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Amenazadas ou no Decreto 88/2007, 19 de abril, pola que se aproba o Catálogo Galego de especies ameazadas, deberase comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural e evitarse, en todo momento, danar ou molestar á especie atopada.
- Non se realizarán os traballos para levar a cabo o cambio de uso durante a época de nidificación e cría (marzo-setembro).
- Se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será, a Dirección xeral de Patrimonio Natural quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.
- Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

4.6. Integración paisaxística e restauración

1. No caso de realizarse muros de contención, estes deberán manter a tipoloxía tradicional de cachotería de pedra.
2. Se se abren novos camiños, deberán adaptarse á pendente e morfoloxía do terreo e presentar un firme de xabre ou similar.
3. No caso de seren necesarios novos valados, deberá optarse por solucións liviás e de elevada transparencia visual, como os valados mixtos de postes de madeira e arame.

4.7. Protección ante accidentes graves ou catástrofes

1. Teranse en conta as normas ou recomendacións que o Concello de Boqueixón, ou o órgano competente, teña establecidos ou poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

4.8. Programa de vixilancia e seguimento ambiental

4.8.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado deste IIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan deste IIA. Na redacción do programa fixaranse segundo a fase (instalación, explotación ou abandono) a periodicidade, indicadores e limiares ou valores límite que se vaian empregar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.





- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento deste IIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control, notificando o nomeamento ao órgano substantivo.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou neste IIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

4.8.2. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento do IIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental.

Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración, coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento do IIA.

4.9. Outras condicións

- 1.- Unha vez abandonada a actividade deberán retirarse todos os elementos artificiais presentes nas parcelas e xestionar os residuos adecuadamente segundo a lexislación vixente nese momento.
- 2.- As parcelas deberán ser devoltas ao estado previo ao cambio de uso, coa restauración con especies autóctonas de ecotipos locais.

